

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dase publicidade do literal do Decreto núm. 25/2024 de día 25.01.2024 no que se convoca a sesión ordinaria do Concello de Ponte deume de día 30 de xaneiro de 2024

«Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DÍA 30 DE XANEIRO DE 2024**
EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000002

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria da Corporación o día 25.01.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á sesión ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **martes 30.01.2024 ás 12.00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1.- RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DÍA DE CELEBRACIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME

2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTAS DA SESIÓN ANTERIOR:- SESIÓN ORDINARIA DE 28.12.2023.

3.- CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE PONTEDEUME

4.- ASUNTOS DE URXENCIA

5.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE PELLETS PLÁSTICOS.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A QUE A XUNTA DE GALIZA ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUCIÓNS DA “MAREA PLÁSTICA” NAS COSTAS GALEGAS

7.- DACIÓN DE CONTA: INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO. CUARTO TRIMESTRE 2023

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA - PRESIDENCIA

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde José Simoes Coucero alcalde en funcións (*delegación conferida por Decreto 17/2024 de día 24.01.2024*) do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

